

MOCIÓN DE AER PARA SOBRE OS POSTOS DE FEIRA

PLENO 18 DECEMBRO 2014. ACTA 18/2014

Hai unhas dúas semanas asistimos a un feito impropio dun Estado de dereito, como é o desterro dun grupo de familias por orde dun pseudo-poder á marxe da lexislación e de calquera administración do Estado. O feito, xa de por si grave, vese agravado pola posterior declaración na que se lles “aconsellaba” que non volvesen, porque podía haber problemas. Redundar sobre esta noticia, máis alá de expresar a nosa cualificación de “feito fascista”, non nos levaría a ningún lugar se ademais non poñemos o medios para que os responsables destes feitos non poidan “beneficiarse” desta fuxida obrigada.

Despois de falar co representante de vendedores ambulantes e coñecida a problemática, que el mesmo pode explicar mellor ca ninguén, propoñemos a este pleno os seguintes acordos:

1.- **Cumprimento estrito do establecido no artigo 14.e)** do Regulamento de Venda Ambulante:

ARTIGO 14.—OBRIGAS DAS/OS TITULARES DE AUTORIZACIÓNS

e) Ter expostos os seus datos de identificación e enderezo de modo que resulten fácilmente visibles para o público. Así como exhibir, cando así lle sexa indicado polo persoal do Concello encargado da Feira ou pola Policía Local, a autorización municipal de venda ambulante e o documento acreditativo do pagamento das taxas vixentes, xunto co documento nacional de identidade, permiso de residencia ou pasaporte, dependendo da situación persoal.

2.- **Non se procederá á ocupación dos postos baleiros** debido a esta situación ilegal de ausencia obrigada dos que ata agora viñan exercendo o seu dereito ao traballo de xeito legal; polo que se tomarán as debidas consideracións antes de dar cumprimento ao artigo 12 de e conceder novas autorización no período establecido; mentres a administración de Xustiza non esclareza a situación e garanta a liberdade, sen risco, a estas persoas para exercer a súa profesión.

3.- **Creación dunha comisión de revisión do Regulamento de Venda Ambulante** na que se conte coa participación dos representantes dos grupos políticos e das asociacións dos vendedores. O obxectivo desta comisión será establecer as medidas oportunas para impedir a manipulación de colectivo algún cara á monopolizar os postos que se puideran outorgar.

VOTACIÓN E ACORDO.-

*Sometida a moción a votación dos/as concelleiros/as asistentes, é **aprobada por unanimidade nos seguintes termos:***

Punto 1º. *Que se siga a manter o procedemento establecido en Redondela en relación á obriga dos/as titulares das autorizacións de ter expostos os seus datos de identificación e enderezo de modo que resulten facilmente visibles para o público. Así como exhibir, cando así lle sexa indicado polo persoal do Concello encargado da Feira ou pola Policía Local, a*

autorización municipal de venda ambulante e o documento acreditativo do pagamento das taxas vixentes, xunto co documento nacional de identidade, permiso de residencia ou pasaporte, dependendo da situación persoal.

Punto 2º *Que se siga a manter en Redondela a sensibilidade co colectivo marxinado mantendo que non se procederá á ocupación dos postos baleiros debido a esta situación ilegal de ausencia obrigada dos que ata agora viñan exercendo o seu dereito ao traballo de xeito legal; polo que se tomarán as debidas consideracións antes de dar cumprimento ao artigo 12 de e conceder novas autorización no período establecido; mentres a administración de Xustiza non esclareza a situación e garanta a liberdade, sen risco, a estas persoas para exercer a súa profesión.*

Punto 3º *O pleno manifesta o seu apoio e solidariedade co colectivo afectado e rexeita calquera tipo de práctica de presión, apostando por un traballo de integración e convivencia, instando ás administracións implicadas a buscar solucións inmediatas a esta problemática.*